

MOCIÓN DE AER SOBRE ASESORAMIENTO Á CIDADANÍA

PLENO 6 XUÑO 2013. ACTA 11/2013

ANTECEDENTES

Vista a moción presentada polo grupo municipal AER, que transcrita di: “A nosa vila, pola súa ubicación estratéxica, é proclive a sufrir as obras de grandes infraestruturas. Un claro exemplo témolo coas obras do AVE, aínda sen rematar e que causaron e seguen a causar numerosas molestias e problemas a un gran número de cidadáns. Ademais, temos outras ameazas enriba nosa: posible (por non dicir segura) ampliación da ponte de Rande e posible construción da autovía (sexa cal sexa o seu trazado e o seu nome, non o sabe a señora Ana Pastor, ímolo saber nós...).

Consideramos que o Concello debe estar para servir, axudar e asesorar aos veciños nos conflitos que lles poidan causar estas obras.

Vendo que os grupos políticos maioritarios representados nesta Corporación seguen apostando por este tipo de infraestruturas e non por fomentar o transporte público e colectivo, pedimos a este pleno que vote a favor do seguinte ACORDO:

- Nos casos de obras de grandes infraestruturas que afecten a noso municipio, este Concello porá a disposición dos cidadáns un servizo de asesoría e consulta como mínimo un día a semana.”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo vinte e un votos a favor (10 do PP, 8 do PsdeG-PSOE, 2 do BNG e 1 de AER) acordou deixar sobre a mesa, para o seu debate nun próximo Pleno, a moción nos antecedentes transcrita.